



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Debuxo da Paisaxe	Código	630G03001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Expresión Gráfica Arquitectónica Representación e Teoría Arquitectónica			
Coordinación	Zas Gomez, Evaristo	Correo electrónico	evaristo.zas@udc.es	
Profesorado	Zas Gomez, Evaristo	Correo electrónico	evaristo.zas@udc.es	
Web	etsa.udc.es/web/			
Descrición xeral	O debuxo, fundamentalmente a man alzada, como linguaxe e ferramenta básica para a representación, análise e o proxecto da paisaxe. A materia impártese en galego.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Capacidade para aplicar sistemas de representación gráfica. Capacidade para manexar sistemas de proxección e corte.	A1	B2	C3
Capacidade para manexar os aspectos cuantitativos e selectivos da escala. Capacidade para establecer a relación entre plano e profundidade	A2	B4	C8
Coñecemento e comprensión dos sistemas de representación espacial e a súa relación cos procedementos de ideación gráfica e expresión visual das distintas fases do deseño da paisaxe. Comprensión da xeometría métrica e proactiva como fundamentos de trazado, deseño e composición	A3	B3 B7	
Estudo dos distintos Sistemas de Representación Gráfica aplicados no ámbito da paisaxe, a partir dos seus fundamentos teóricos, cunha profundización diferenciada en función do seu funcionamento, a partir da selección do sistema máis axeitado en cada caso concreto.	A1 A3	B3 B4	C4
Coñecemento e comprensión das leis da percepción visual e da proporción, das teorías da forma e da imaxe, das teorías estéticas da cor e dos procedementos para o estudo fenomenolóxico e analítico da paisaxe.	A3 A4	B1 B3	C1
Dotar de rigor xeométrico á representación e análise do contorno, sen esquecer que o proceso creativo baséase fundamentalmente na capacidade racional de percibir o espazo.	A1 A2	B5 B7	C2 C6
Capacidade de imaxinación e lectura espacial, tanto para que o alumno poida imaxinar un obxecto representado no plano no espazo, como para representar no plano o que se imaxinaba previamente no espazo, é dicir, estimular a apreensión espacial ou "ver no espazo".	A1 A3	B2 B4	C5
Desenvolvemento da expresividade mediante proxeccións intencionadas, perspectivas, trazado de sombras, teoría do claroscuro e luz solar, útiles nos campos da formación da paisaxe.	A2	B2 B4 B5	
Capacidade para concibir e representar a paisaxe, a cor, a textura, a luz e controlar a proporción dos obxectos.	A3	B1	C1
Estudo detallado dos niveis de aprendizaxe gráfica, desde a etapa perceptiva inicial ata a etapa final da representación creativa	A4	B2 B3	C7

Contidos	
Temas	Subtemas



TEMA 1. HISTORIA DA REPRESENTACIÓN DA PAISAXE	1.1. A representación da paisaxe antiga 1.2. A representación da paisaxe medieval 1.3. A representación da paisaxe moderna 1.4. A representación da paisaxe contemporánea
TEMA 2. INTRODUCIÓN AOS PRINCIPAIS SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN I: A PROXECCIÓN PARALELA	2.1. O sistema diédrico 2.2. O sistema acoutado 2.3. O sistema axonométrico
TEMA 3. INTRODUCIÓN AOS PRINCIPAIS SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN II: A PROXECCIÓN CENTRAL	3.1. Concepto e clasificación das perspectivas lineais 3.2. Métodos clásicos da perspectiva lineal: raios visuais 3.3. Medición directa en perspectiva: puntos de medición 3.4. As perspectivas curvilíneas
TEMA 4. TÉCNICAS GRÁFICAS DA REPRESENTACIÓN DA PAISAXE	4.1. Convencións gráficas 4.2. Técnicas gráficas analóxicas 4.3. Técnicas gráficas dixitais
TEMA 5. O DEBUXO DA PAISAXE E OS SEUS ELEMENTOS ESPECÍFICOS	5.1. A paisaxe natural 5.2. A paisaxe humanizada rural 5.3. A paisaxe humanizada urbana
TEMA 6. TIPOS DE DEBUXO E AS SÚAS APLICACIÓNS	6.1. O debuxo descritivo 6.2. O debuxo analítico 6.3. O debuxo proxectual

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A4 B7 C4 C7	15	5	20
Obradoiro	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C5 C6 C8	45	83	128
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Esta primeira metodoloxía desenvolve as bases do coñecemento da materia que se especifican nos contidos. Nestas clases os alumnos deben ter unha aptitude receptiva seguindo as explicacións do docente na lousa, proxeccións en pantalla e sistemas informáticos (TICs). O alumno tomará apuntamentos e formulará preguntas sobre os temas expostos. O obxectivo é proporcionar tanto os conceptos coma as ferramentas necesarias para a súa comprensión dende unha perspectiva na que a paisaxe se encontra sempre presente.
Obradoiro	É nesta segunda metodoloxía onde o alumno participa activamente no proceso de aprendizaxe, enfrontándose á necesidade de experimentar todos os coñecementos expostos nas sesións maxistras, ás que deben adecuarse. Formúlanse dous tipos de exercicios, resoltos principalmente a man alzada, e que deben ser desenvolvidos individualmente polo alumno: 1.- Práctica semanal de debuxo sobre taboleiro cunha duración dunha a dúas horas e que se recollerá ao final da clase para a súa avaliación. 2.- Práctica de curso na que se desenvolverá un traballo de representación nun ámbito paisaxístico a concretar. Todas as semanas e nun espazo de tempo variable, dunha a dúas horas, o alumno traballará e corruxará co profesor os avances dese traballo tutelado que desenvolverá tamén de maneira non presencial nas horas asignadas na planificación da materia.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Obradoiro	Tanto os contidos das sesións maxistrais como as dúbidas relacionadas coas prácticas semanais e/ou traballo de curso poden ser obxecto de consultas individuais en réxime de titoría presencial ou por correo electrónico, dada a especificidade deste grao, impartido en Lugo e A Coruña simultaneamente.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C5 C6 C8	<p>É nesta segunda metodoloxía onde o alumno participa activamente no proceso de aprendizaxe, enfrontándose á necesidade de experimentar todos os coñecementos expostos nas sesións maxistrais, ás que deben adecuarse. Formúlanse dous tipos de exercicios que deben ser desenvolvidos individualmente polo alumno:</p> <p>1.- Práctica semanal de debuxo (cualificación 30%) sobre taboleiro cunha duración dunha a dúas horas e que se recollerá ao final da clase, cada semana, para a súa avaliación</p> <p>2.- Práctica de curso (cualificación 70%) na que se desenvolverá un traballo de representación nun ámbito paisaxístico a concretar. Todas as semanas e nun espazo de tempo variable, dunha a dúas horas, o alumno traballará e corraxirá co profesor os avances dese traballo tutelado que desenvolverá tamén de maneira non presencial nas horas asignadas na planificación da materia. Haberá unha data final de entrega desta práctica de curso, independentemente o profesor pode fixar entregas intermedias</p> <p>As entregas en tempo de todas as prácticas semanais e da práctica de curso con todos os seus apartados resoltos suficientemente son imprescindibles para o aprobado da materia</p> <p>Asistencia mínima: 80%</p>	100

Observacións avaliación

Para aprobar por curso o alumno debe acadar unha nota igual ou superior a un 5 tanto nas prácticas semanais como na práctica de curso. Asemade o estudante debe ter unha asistencia mínima do 80% e todas as súas prácticas deberán ser entregadas nas datas especificadas. De non acadar o aprobado por curso, haberá exames (e/ou repetición de entregas, a xuízo do docente) de primeira e segunda oportunidade nas datas fixadas e a celebrar na ETSAC. Nesa data os alumnos entregarán previamente as prácticas semanais e de curso, no caso de non telo feito previamente. Medidas de dedicación para o alumnado a tempo parcial: non se contemplan, debido a que se trata dunha materia na que o taller é a metodoloxía fundamental. Dispensa académica: non se contempla, por ser unha materia na que o taller é a metodoloxía fundamental. A detección de plaxio, así como a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- CULLEN, G. (1974). El paisaje urbano: tratado de estética urbanística. Blume- CHANES, R. (2000). Deodendron árboles y arbustos de jardín en clima templado. Barcelona: Blume- BAKER, G. (1998). Análisis de la forma urbanismo y arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili- PRINZ, D. (1986). Planificación y configuración urbana. México: Gustavo Gili- CHING, F. (1988). Arquitectura: forma, espacio y orden. Barcelona: Gustavo Gili- BARTSCHI, W. (1980). El estudio de las sombras en perspectiva. Barcelona: Gustavo Gili- FRANCO TABOADA, J. A (2011). Geometría Descriptiva para la Representación Arquitectónica. Vol. 2. Geometría de la Forma Arquitectónica. Santiago de Compostela: Andavira- WILK, S. (2016). Construction and design manual. Drawing for landscape architects. Berlín: DOM Publishers- HUTCHINSON, E. (2011). Drawing for landscape architecture. Sketch to screen to site. New York: Thames and Hudson- LYNCH, K. (2012). La imagen de la ciudad. Barcelona: Gustavo Gili- FRANCO TABOADA, J. A (2011). Geometría Descriptiva para la Representación Arquitectónica. Vol. 1. Santiago de Compostela: Andavira- SIMONE de, L. (1976). Spazio prospettico . Roma: Bonacci
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Considérase fundamental para a comprensión da materia que o alumno teña unha boa formación nas materias de debuxo que se ofrecen na secundaria e no bacharelato. Representación da paisaxe, 630G3011 é a materia que continúa o temario. Utilizarase o moodle USC para evitar problemas de acceso

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías